

PROGRAMACIÓN CULTURAL NOVIEMBRE



► **VENRES 25**
Salón García [21:00] [CINE]

► **20th Century Women**
PROYECCIONS CINE CLUB ÁDEGA CON MOTIVO DO 25N

Santa Barbara, 1979. Tres mulleres moi diferentes ensinan a un rapaz adolescente o que son homes, as mulleres e os detalles sobre o amor e a liberdade.

Ano: 1970. Xénero: drama. Duración: 101 min. Director: Mike Mills.
Entrada de balde ata completar aforo.



► **SÁBADO 26**
Sala de conferencias Auditorio [20:30] [LITERATURA]
PRESENTACIÓN DO LIBRO

► **“Decir adiós no es olvidarte”**
YAGO GÓMEZ DURO

Nun relato en dous tempos, esta novela é unha viaxe pola historia dunha parella: o doce comezo, a familiaridade da rutina, os dolorosos silencios e, tras o adeus, o tramposo xogo da memoria.

Entrada de balde ata completar aforo.

► **SÁBADO 26**
Salón actos Auditorio [21:00] [MÚSICA]

► **Fortuna Imperatrix Mundi**
CONCERTO DE CLAUSURA XL ANIVERSARIO
Coro Liceo de Vilagarcía | Wind Ensemble Banda Unión Musical de Meaño | Charles Gounod-Gabriel Fauré

Selección Cantata “Carmina Burana” - Carl Orff
Directora Coro: María Domínguez | Director Ensemble: Diego Lorente
Venda de entradas: na billeiteira do Auditorio. o venres 25 e sábado 26, de 10:00 a 14:00 h. e de 17:00 a 21:00 h.
Prezos: Zona A e B: 8€; Zona C: 7€



CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO — VILAGARCÍA DE AROUSA —

As exposicións son un dos grandes atractivos do festival. Este ano presentamos unha das coleccións máis importantes da saga de Europa e a maior de España, que inclúe máis de 400 obxectos, roupa dos personaxes, merchandising, autógrafos, props «screen accurate» e por suposto, algunhas pezas orixinais da saga.

► **ATA O 20 DE NOVIEMBRE**
Sala Exposicións Antón Rivas Briones (planta baixa)

► **Expo ao Futuro**

► **ATA O 30 DE NOVIEMBRE**
Sala Exposicións Antón Rivas Briones (planta baixa)

► **Back & Forward**
50 ANOS DE VIAXES TEMPORAIS NO CINEMA
Sala Exposicións Antón Rivas Briones (primeira planta)

► **A arte de Paco Roca**
A Guerra dos Mundos Javier OLIVARES E SANTIAGO GARCÍA
Antesala Salón García

► **O Cinema de Mick Garris**

+ info en www.curtas.org



Lembrando
a Dito

Outono micolóxico 2022

- Saída micolóxica **6 NOV** MACEDA
- Conferencias **14-17 NOV** AUDITORIO / PEIXERÍA
- Exposicións e concursos **13 / 20 / 26 NOV** AUDITORIO / PEIXERÍA
- XXVIII Festa dos cogomelos **20 NOV** PEIXERÍA
- Xantar micolóxico **27 NOV** RESTAURANTE ACEBO

+ INFO: WWW.CANTARELA.ORG



PROGRAMACIÓN CULTURAL

Concello Vilagarcía de Arousa vilagarcíaviva



PROGRAMACIÓN CULTURAL MES DE NOVIEMBRE

> VENRES 4

Salón de actos Auditorio [20:00] [TEATRO]

> A Voz Humana

COMPANHÍA TATANA TEATRO

Obra teatral cun só personaxe que amosa, nunha tortuosa intimidade, a dor do abandono. Unha muller que non se resigna á perda do amor, aferrándose a unha comunicación telefónica con seu amante.

Venda de entradas: reservas anticipadas por whatsapp no 609583036, e de non esgotarse no mesmo día da actuación na billeteira do Auditorio a partir das 18:00 h.

Prezo: 12€ (5€ de cada unha irán íntegros a Proxecto Home Galicia).

> VENRES 4

Sala de Conferencias Auditorio [20:30] [LITERATURA]

> PRESENTACIÓN DO LIBRO

“Galeóns, vapores e motoras”

MANUEL GAGO (O CARREIRÁN)

Organizado por Concellos e Portos a ambos lados da Ría da Arousa, enumera as diferentes embarcacións do noso pasado recente dedicadas á pasaxe e o desenvolvemento socio económico da Ría. É un libro que fala de barcos, de armadores e de xentes do mar. Recolle documentación oficial e anécdotas das memorias dos seus colaboradores que fan que a súa lectura sexa amena e moi entretida.

Entrada de balde ata completar aforo.



> SÁBADOS 5, 12, 19 E 26

Seminario n°1 - Auditorio [OBRADOIRO TEATRO]

> “A Liberación”

OBRADOIRO DE TEATRO

Unha nova oportunidade de desfrutar da maxia do teatro iniciándose na interpretación da man do actor David Seijo.

Mozos: 10:00 a 13:00 h. Adultos: 17:00 a 20:00 h.

Prezo: 20 € (xornada de tres horas). Aforo máx: 15 persoas.

Reserva de praza: seijosanmiguel@gmail.com / 678709431.



> SÁBADO 5

Auditorio e Salón García [XADREZ] [11:00-20:00] Auditorio

> XIV Open McDonalds

Inscripción gratuíta

[20:00] Salón García

> XV Gala de Entrega de Premios

CIRCUÍTO PROMOCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

Entrada de balde ata completar aforo.

> SÁBADO 5

Salón de actos Auditorio [18:00] [MUSICAL INFANTIL]

> Queen for Kids en concerto

Unha gala para toda a familia onde pequenos e grandes terán a oportunidade de gozar dun espectáculo con música en directo, animación, xogos e moitas sorpresas máis... A banda interpretará éxitos de Queen como Bohemian Rhapsody, We will Rock You ou I wan't to break free!

Venda de entradas: anticipada en ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 16:00 h.

Prezo: 12€ (+gastos de xestión).



> MÉRCORES 9

Salón García [21:00] [CINE]

> Wanda

PROYECCIONS CINE CLUB ÁDEGA

Na zona obreira dos suburbios de Pennsylvania, Wanda Goronski, unha muller con problemas, abandona á súa familia para acabar mergullada nun mundo de perdición...

Año: 1970. Xénero: drama. Duración: 101 min.

Venda de entradas: no Salón García a partir das 20:30h o día da proxección.

Prezos: socios anuais, de balde; socios por 1 día/sesión, 4€.



> VENRES 11


Salón de actos Auditorio [20:00] [MÚSICA CLÁSICA]

> Orquestra Sinfónica de Galicia

Baixo a dirección de José Trigueros, e con Pablo Amorós ao piano, desfrutaremos de “Noches en los jardines de España”, de M. de Falla, “Preludio a la siesta de un fauno”, de C. Debussy e “Sinfonía Sevillana”, de J. Turina. Sen invitación previa, entrada de balde ata completar capacidade por orden de chegada.

> SÁBADO 12

Salón de actos Auditorio [18:00] [TEATRO INFANTIL]



> Laika

Ambientada en Moscova durante a Guerra Fría, conta a historia espacial de Laika, a cadeliña que se converteu no primeiro ser vivo en orbitar ao redor da Terra no Sputnik II en 1957.

Xirriquiteula Teatre utiliza nesta obra retroproxeccións animadas, monicreques ou autómatas, acompañados dunha banda sonora creada a medida. Un espectáculo que nos fala das marabillas do ceo pero tamén das inxustizas da Terra. De indole internacional, estrea en Vilagarcía a súa versión en galego.

Clasificación: Teatro infantil. Duración: 60 min. Público: +4 anos.

Entrada xeral: 5€. Menores de 13 anos: 3€. Entrada bonificada para desempregados (tarxeta de emprego), + 65 anos (DNI) e titulares de carné xove (todos eles deberán acreditar a súa condición no control de acceso): 3€ (+gastos de xestión).

Venda de entradas: anticipada en ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio o propio día a partir das 16:00 h.



> VENRES 18

Salón de actos Auditorio [20:30] [MÚSICA]

> Recital de cello e piano

Alban Gerhardt - cello

Edith Peña - piano

PROGRAMACIÓN DA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

Shostakovich, Schumann e Schubert son os compositores eleixidos para este concerto especial da tempada da SFV. Entrada de balde ata completar aforo.



> MARTES 22

Salón actos Auditorio [19:00] [MÚSICA]

> Concerto de Santa Icaía 2022

Organiza: Conservatorio Profesional e Escola Municipal de Música. Entrada de balde ata completar capacidade.

> VENRES 25

Fachada da Casa Consistorial [12:00]

> Lectura do Manifesto institucional do 25N*

DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER. Elaborado polo Consello Local da Muller.

* Acto accesible en LSE promovido pola FAXPG a través do proxecto “Abrindo Portas ás mulleres de Pontevedra”, financiado pola Deputación de Pontevedra para o ano 2022.

> VENRES 25

Salón de conferencias do Auditorio [20:00] [LITERATURA]

> PRESENTACIÓN DO LIBRO

“La conjura de la niebla”

ÁNGELA BANZAS



Ángela Banzas presenta a súa segunda novela, un thriller que en apenas un mes xa acadou unha terceira edición. Unha historia vibrante na que crimes, intrigas e segredos familiares conviven con supersticións nuns escenarios directamente inspirados nas illas de Arousa e Cortegada.